



## ÍNDICE - SUMARIO

N.º 216

Volume XLIV

xaneiro-febreiro 2020

### **Guieiro**

por Pedro Castelao 3

### **Estudos**

O papel transformador do perdón nas feridas abertas  
pola exclusión social  
por Fernando Vidal Fernández 11

Carta do Deus de Xesús para encontrar o tesouro do perdón  
por Xosé Antón Miguélez 24

### **Achega**

A restauración do Pórtico da Gloria  
por Ana Laborde Marqueze 43

### **Fiesta aberta**

Liturgia e comunidade  
por Santiago Agrelo Martínez, OFM 53

### **Documento**

Entrañas de misericordia  
por Asoc. Mulleres Cristiás Galegas Exeria 83

### **Documento da Paz**

A paz faise entre todos  
por Coordinadora de Crentes Galegos 87

### **In memóriam**

Antón Gómez Vilasó, un «Fillo da madrugada»  
por Lois Ferradás 90



### **Crónica**

**Carta desde a banda da esperanza**  
por Manuel Regal Ledo 97

### **Recensións**

#### ***Santa Inés***

por Marisa Vidal Collazo 112

#### ***Budismo y cristianismo en diálogo***

por Ramón Cao Martínez 116

### **Ilustracións**

por Soedade Pite 15, 93



Recibir aldraxes provoca indignación e ira. E é que o mal ten unha forza increíble de perpetuación. Coa rapidez coa que se propaga unha enfermidade contaxiosa, así bule a maldade. Pegañento coma o piche, mancha todo canto toca. Porque doe e fire, activa en nós, como defensa, un instantáneo mecanismo reprodutor que nos leva a reiteralo, pasando agora de ser vítimas inocentes a agresores cheos de razón.

Porque sufrir falcatuadas, loxicamente, danos milleiros de motivos para facer mal a quen nos fixo mal, introducíndonos, así, nun círculo negativo do que xa non podemos doadamente saír. Vémolo con claridade nas pelexas dos nenos, pero non é outra a dinámica imperante nos adultos: nas parellas, nas familias, entre veciños, no eido laboral, na política e na sociedade en xeral. O mal xera mal, porque a todos nos parece inxusto cando o sufrimos, pero xusto cando o producimos.

Só coñezo unha maneira de acabar con el: sufrilo e negarse a reproducilo. Romper a roda de agravios e agresións. Loitar internamente contra as poderosas razóns que nos lexitiman para perpetualo e preferir a estulticia de facerlle fronte unicamente coa dignidade pacífica de quen non achanta pero tampouco o repite. Nada hai máis difícil. Nada máis heroico ca devolver ben por mal, rachando coa forza instintiva dese círculo poderoso que nos arrastra a responder aos malvados con máis mal.

Só así se pode vencer o mal. Coma Clint Eastwood en *Gran Torino* (2008) e non coma en *Sen perdón* (1992). Porque todo depende dese primeiro combate interior: se gañan as vísceras que, apoiadas pola razón, nos din: «dálle, porque é intolerable o que me fixo», todo está perdido. Aumentamos a dose persoal e global de mal. Se, pola contra, a nosa intelixencia espiritual é suficientemente lúcida e forte e somos quen de controlar a carraxe e canalizar a rabia, podemos dicirnos: «é intolerable o que me fixo, pero eu son e quero ser doutra maneira».

Temos á man, xa que logo, o camiño cara unha dignidade resistente que planta cara ao mal chamándolle polo seu nome, procura saída e refuxio del, pero renuncia a ser posuído pola súa lóxica endiañada, desactivando, no propio interior, o mecanismo que

reproduce e perpetúa este virus letal. É certo que, ás veces, isto non só esixe unha alta dose de intelixencia e madurez espiritual. Ás veces, esíxenos a propia vida. E é aí onde o cristianismo nos pon diante o escándalo e mesmo a tolemia: é mellor morrer sen matar, que matar para non morrer.

Velaquí o comezo do proceso coñecido coma reconciliación. Comparado con isto, todas as outras dificultades da vida parecen xogos infantís. De fronte ao reto do perdón todos estamos ante un mesmo e escarpado Everest do que depende, en definitiva, o noso ser ou non ser ante Deus.

Encrucillada quere brindar aos lectores e lectoras a posibilidade de reflexionar de vagar sobre esta viaxe ineludible. E facémolo, principalmente, da man de Fernando Vidal e de Xosé Antón Miguélez. O primeiro desde a perspectiva da exclusión e o segundo desde o Novo Testamento, presentan suxestivas intuicións que non nos han deixar indiferentes.

Monseñor Agrelo sinala unha ferida sanguenta: as comunidades cristiás que celebran practicamente sen fe, sen recoñecerse Igrexa e malogrando a Palabra de Deus. O artigo non é novo, pero o seu diagnóstico segue sendo, lamentablemente, actual.

Coma un eco do número anterior, publicamos neste, a achega de Ana Laborde sobre o proceso técnico de restauración do Pórtico da Gloria. Documentos significativos son tamén o Documento da paz da Coordinadora de Crentes Galegos, así coma a denuncia que a Asociación de Mulleres Cristiás Galegas Exeria fai da torpeza culpable dun cura sen graza que, en *Twitter*, da couces en lugar de rechouchíos. O caso non da para moito, pero é estruturalmente moi serio.

Finou Antón Gómez Vilasó. Alguén me dixo máis dunha vez, que tería sido un excelente bispo de Compostela. Lois Ferradás lembra a súa figura imprescindible. E inesquecible.

Algunhas recensións, xunto coa sempre interesante rolda de Igrexa de Manolo Regal e a arte de Soedade Pite, pechan este número de inicio do ano.

**Pedro Castelao**

